

Hotel As Brisas do Freixo

Porto do Freixo, 63

15688 Outes (A Coruña)

Teléfono: 981 843 583/981 765 744

E-mail: info@hotelasbrisasdofreixo.com

Web: www.hotelasbrisasdofreixo.com

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha rúa chaira, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.

Acceso

- A entrada principal ten un pequeno chanzo de **3 cm** de altura.
- A porta abre cara ao exterior, é de dobre folla, parcialmente acristalada e ten en total un ancho libre de paso de **1,21 m**.
- Antes e despois hai espazo abondo para facer un xiro de **360º** coa cadeira de rodas.

Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de **1,13 m**, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas.

Cuarto Adaptado (Nº 215)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na 1ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide **80 cm** de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de **1,50 m** de diámetro para facer un xiro de **360º** coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de **1,20 m**.
- A cama ten unha altura de **56 cm**, accédese a esta polo lado dereito por un espazo de **1,30 m** de ancho e polo lado esquerdo de **90 cm**.
- As portas dos armarios son corredizas e de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre **40 e 85 cm**. O percheiro está fixo a **1,70 m**.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de **1,60 m**.

Cuarto de baño da cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e mide **80 cm** de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,60 m** de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de **1,50 m**. O asento está a unha altura de **41 cm** e o mecanismo de descarga a **75 cm**.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a **75 cm** de altura e unha fixa no dereito a unha altura entre **75 cm e 1,40 m**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **78 cm** de alto e **60 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **89 cm** e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de **80 cm**.

Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación maior a **1,50 m**. Tiene cortinas para evitas a fuga da auga.

- O prato de ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do pavimento do cuarto de baño.
- Non dispón de asento nin cadeira de ducha homologada.
- A ducha dispón dunha barra de apoio horizontal na parede contraria ás billas, a unha altura de **75 cm**.
- A billa é termostática e require o xiro de pulso. Está situado a unha altura de **1,02 m** e a alcachofa é regulable en altura ata os **1,60 m**.

Aseo adaptado en zona común

- O hotel conta con **1** aseo adaptado en zona común, situado na planta baixa e con itinerario accesible.
- É unha cabina independente e está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta abre cara a fóra e mide **82 cm** de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro moi escaso.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,20 m** de ancho polo lado dereito e pola fronte de **1,50 m**. O asento está situado a unha altura de **41 cm** e o mecanismo de descarga a **75 cm**.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado esquerdo a unha altura de entre **70 cm** e **1,20 m**. Tamén ten unha barra de apoio abatible no dereito situada a **75 cm** de altura. Ambas as dúas barras están separadas unha distancia de **84 cm**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **75 cm** de alto e **60 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **90 cm** e o resto dos accesorios do aseo están a unha altura media de **95 cm**.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- A entrada presenta un chanzo de 3 cm cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadizo de cor contrastada.
- A porta é acristalada e non está sinalizada con franxas ou co logotipo en cor contrastada.
- Hai felpudos tras a porta que non está ancorado ao chan.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalidez visual.

Cuarto estándar (nº204)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalidez visual.
- Dispón de prato de ducha con chanzo e biombo de vidro sen sinalizar. Tamén ten bañeira jacuzzi a **63 cm** de altura.
- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e pero sen suficiente contraste de cor.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI. A TV ten decodificador de teletexto.

- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estanzas e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón, están a unha altura media de **2,10 m**. O tamaño dos caracteres é de **6 cm** e son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Non hai prazas delimitadas nin reservadas para as Persoas con Mobilidade Reducida.
Restaurante-Bufete almorzos	Planta 0	Accesible	Mesas cadradas e redondas de 4 patas. Mesa da bufete: 75 cm de altura. Altura da mesa: 75 cm , Altura baixo mesa: 68 cm Ancho baixo mesa: 1 m , Fondo baixo mesa: 85 cm Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta baixa	Accesible dende recepción. Por exterior hai un chanzo de 12 cm.	Altura da barra: 1,10 m Mesas cadradas con pata central. Altura da mesa: 76 cm , Altura baixo mesa: 72 cm Ancho baixo mesa: 78 cm , Fondo baixo mesa: 40 cm Non dispoñen de carta en braille.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1 m . Ancho da porta: 83 cm Ancho e fondo de cabina: 1 x 1,30 m Altura dos botóns de mando: entre 1 e 1,20 m Altura do pasamáns: 88 cm Espello fronte á porta: Si Cabina con sinais sonoras: Non e visuais: Si Botóns con números en altorrelevo e braille: Si Botóns de cor contrastada: Non Botón de emerxencia con unha testemuña luminosa: Non
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: interior Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non Altura dos chanzos: 18 cm e fondo: 33 cm Con tabica: Si . Con bocel: Si Con zócolo: Si Altura do Pasamáns : 91 cm , a un lado